

Por unha Europa dos Pobos

Programa Eleccións Europeas 2019

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN

- Soñamos outra Europa
- Construiremos outra Europa
- Galiza, suxeito político soberano.

PROPOSTAS

1. Política económica. Para combatermos o paro e a explotación
 - 1.1. Tratados de libre comercio
2. Emprego. Unha responsabilidade do sector público.
3. Política Social. Acabarmos coa a pobreza e a desigualdade.
4. Soberanía alimentaria. Garantirmos alimentos de calidade e proximidade.
 - 4.1. Política Agraria Común.
 - 4.2. Estratexia de Alimentación Europea.
 - 4.3. Pesca.
5. Medio ambiente. Afrontarmos a crise ecolóxica.
 - 5.1. Enerxía.
6. Muller. Para garantirmos a igualdade real.
7. A información e os datos. Acabarmos coa dependencia colonial de Silicon Valley.
8. Dereitos humanos e políticos. Afirmarmos a dignidade dos seres humanos.
 - 8.1. Defensa a democracia fronte á nova extrema dereita.
 - 8.2. Recoñecemento do dereito dos pobos a decidiren.
 - 8.3. Protección da vida das persoas migrantes.
9. Política Internacional. Unha política de colaboración, paz e desarme.
10. Lingua e Cultura. Defendermos a diversidade cultural europea.

INTRODUCCIÓN

SOÑAMOS OUTRA EUROPA

Soñamos unha Europa feminista, na que desaparece a brecha económica que discrimina as mulleres. Soñamos unha Europa consciente de que a humanidade vive nun mundo finito, unha Europa ecoloxista en paz co noso Planeta. Soñamos unha Europa libre de paro, precariedade e explotación, na que o traballo é unha actividade de produción de bens e servizos social e ecoloxicamente útiles, na que traballamos todas e todos, e traballamos menos horas. Soñamos unha Europa que busca incansabelmente a colaboración entre os pobos, e establece como horizonte irrenunciábel a paz e o desarme. Soñamos, pois, unha Europa dos seres humanos, un espazo onde vivir e crear igualdade e liberdade.

Mais, esa non é a Europa que temos. A Unión Europea real é un espazo político e económico neoliberal que serve os intereses dos grandes capitais e, nomeadamente, do capital financeiro e especulativo. Unha Europa que erosiona os dereitos económicos, sociais e laborais, conquistados polas loitas seculares dos traballadores e traballadoras. Unha Europa que renuncia á igualdade económica real das mulleres. Unha Europa produtivista que consume recursos naturais e emite substancias contaminantes a un ritmo que ameaza os equilibrios naturais fundamentais que permiten a vida humana civilizada. Por último, unha Europa que nas últimas décadas participou en intervencións imperialistas que levaron á destrución de Iraq e Libia.

Como mulleres e homes libres, declaramos a nosa firme vontade de tomar o presente colectivo nas nosas mans e construírmos outra Europa posíbel.

CONSTRUIREMOS OUTRA EUROPA

O verdadeiro goberno da Unión Europea é unha coalición entre a Troika, a Comisión Europea, o Banco Central Europeo e o Fondo Monetario Internacional, e unha maioría partidaria dos dogmas austeritarios e do ordoliberalismo alemán. Esta coalición fai imposíbel a adopción de alternativas favorábeis ás maiorías sociais e ás clases traballadoras, e impón unha política económica especialmente destrutiva para os países do Sur. Unha política económica, que ataca os dereitos da persoas e baseada na liberalización dos mercados de capitais e traballo, a intensificación da competencia fiscal entre Estados, e a prohibición de calquera estratexia

industrial e sectorial, e que promove a privatización de servizos públicos esenciais. O resultado é, por unha parte, un aumento das diferenzas entre Estados e territorios que mostra o carácter retórico da política de cohesión, e, ao tempo, a degradación das condicións laborais en todo o continente e a intensificación da explotación capitalista, e especialmente nas periferias do sur (Portugal, Estado español, Italia, Grecia) e central (países que pertenceron ao bloque do leste), o mantemento de altas taxas de pobreza e o crecemento das desigualdades.

Para podermos construír esta Europa que soñamos, necesitamos derrotar a hexemonía política, cultural, ideolóxica e institucional neoliberal e crear unha nova maioría que defenda un proxecto alternativo, a partir do respecto á soberanía dos pobos e sobre a base dos intereses da maioría social e das clases traballadoras. Este proxecto basearase na intervención pública e democrática da economía; na adopción dunha fiscalidade altamente progresiva que grave as transaccións financeiras e as grandes fortunas; no rescate de sectores estratéxicos privatizados como a enerxía, o transporte, a xestión da auga e o sector financeiro; na creación de empresas públicas que fagan posíbel, a transición cara modelos sustentanbeis, orientar a actividade económica cara á creación de emprego con salarios dignos; na redución da xornada laboral e na creación de emprego en actividade social e ecoloxicamente útiles; na loita contra a discriminación económica de xénero e na socialización de parte do traballo doméstico e de cuidados; e na garantía de servizos públicos, gratuítos e universais.

GALIZA, SUXEITO POLÍTICO SOBERANO

Galiza non é suxeito político de pleno dereito en Europa polo que dependemos do Estado Español na negociación de moitas das políticas da UE. Por iso reclamamos capacidade real dentro da UE para participarmos na negociación sobre as políticas que nos afectan: medio ambiente, recursos naturais e enerxéticos, políticas agrarias e pesqueiras, políticas sociais e de emprego. Demandamos especialmente que Galiza teña capacidade de decisión naqueles sectores nos que é claramente maioritaria no Estado como pesca, leite e política agroforestal, e nos que posúe un gran potencial, como enerxías renovábeis.

PROPOSTAS

1. POLÍTICA ECONÓMICA. PARA COMBATERMOS O PARO E A EXPLOTACIÓN.

A Unión Europea é un mecanismo político e económico estraño. A principal liberdade que recoñece é a da libre circulación de capitais e mercadorías. Así, os Estados e as nacións renuncian a instrumentos que lles permitirían protexer determinados sectores económicos en tanto sexa necesario para o seu desenvolvemento. Dezasete Estados renunciaron tamén á soberanía monetaria ao se integraren na área euro. Porén, non existe ningún dos mecanismos, nin ningunha das políticas que acompañaron sempre estas cesións de soberanía. Non existe un Orzamento europeo suficiente. Non existe un sistema fiscal que permita recadar ingresos para financiar políticas sociais e de equilibrio territorial. Non existe a posibilidade de emitir unha débeda solidaria de todo o espazo nin un mecanismo de resolución bancaria común. Tampouco dispomos dun seguro de desemprego e un sistema de pensións de repartición europeo.

A Unión Europea é unha estrutura que permite que os países das economías máis produtivas e equilibradas do norte e do centro do continente accedan libremente aos mercados do sur, sen a contrapartida dun orzamento común suficiente. Mentres o orzamento do Goberno federal estadounidense supera o 20% do PIB, o orzamento da Unión Europea non chega ao 1%, vinte veces menos.

Ademais, a Comisión Europea deixou claro a todos os pobos de Europa que non vai permitir a posta en marcha de alternativas ao modelo capitalista neoliberal dentro desta UE e radicalizou a implantación de políticas que só defenden os intereses do gran capital: promovendo a substitución dos sistemas de pensións públicas de repartición por fondos privados de capitalización; acelerando as privatizacións e impondo mudanzas xurídicas e lexislativas que benefician sempre ao capital. Aproveitouse tamén para facernos crer que a crise foi un problema de débeda pública (o que significou recortes en servizos básicos) causado polos “privilexios excesivos” das traballadores e dos traballadores. Creando así o caldo de cultivo para as reformas laborais e o desmantelamento do público.

Propomos:

- Que a UE estableza como prioridades políticas a loita contra o paro, a anulación dos recortes aplicados nos servizos e prestacións públicas, e unha nova política de investimento público.

- **Derrogar** o Tratado de Estabilidade, Cooperación e Gobernanza na Unión Económica e Monetaria.
- A creación de mecanismos europeos impositivos e de control do capital financeiro como o Imposto sobre as Transaccións Financeiras, a eliminación dos paraísos fiscais, a restrición do uso de activos tóxicos e das operacións de alta frecuencia nos mercados financeiros e a busca de medidas de transparencia no sistema financeiro.
- A penalización da especulación financeira, tendendo á súa supresión como práctica económica. Este tipo de actividade non xera beneficio ningún para o conxunto da sociedade e pon en risco as condicións de vida das maiorías sociais ao provocar frecuentes e daniñas crises no sistema.
- A subordinación das finanzas ás persoas e á economía produtiva. Polo tanto, a instauración dun control democrático das finanzas e a construción de espazos de integración financeira autosuficiente, que teñan prohibidas as transferencias con paraísos fiscais e que se caractericen por unha estrita regulación financeira.
- A auditoría da débeda pública.
- A prohibición de produtos financeiros altamente especulativos.
- A democratización do Banco Central Europeo que debe quedar baixo control do Parlamento Europeo, que supervisará a súa actividade e nomeará a súa dirección.
- A nacionalización proporcional do sistema financeiro debe ser a condición necesaria para recibir axudas do sector público. Ademais, debe quedar prohibida a súa privatización posterior.
- Promover unha política industrial consistente e territorialmente equilibrada, na busca de oportunidades industriais públicas, que xestione os resultados de investigación impulsada pola UE, e a consensúe coas institucións científicas e universitarias.
- No eido do turismo, solicitaremos que se cumpra o acordado pola propia UE no seu documento: “Europa, primeiro destino turístico do mundo: un novo marco político para o turismo europeo” (Bruxelas, 30-10-2010), no que se propuña: 1. Unha estratexia para un turismo costeiro e marítimo sostíbeis. 2. A creación de indicadores de xestión

sostíbel de destinos europeos. 3. A creación dun mecanismo de intercambios de turistas voluntarios entre os Estados membros, permitindo viaxar durante a tempada baixa en particular a algúns grupos chave, como xente moza, anciáns, persoas con mobilidade reducida e familias con baixos ingresos.

- A substitución da economía industrial da obsolescencia programada pola produción de bens de longa duración, así como o fomento do arranxo e a recuperación.

1.1. [Tratados de libre comercio.](#)

Os tratados de libre comercio veñen sendo unha dos principais instrumentos do capital transnacional para socavar a soberanía dos pobos e o seu dereito a decidir sobre política económica, laboral e de protección da natureza. As decisións democráticas adoptadas nos parlamentos nacionais ou estatais fican subordinadas ás cláusulas dos tratados.

Por iso, esiximos a denuncia dos tratados e acordos comerciais vixentes (CETA) e a paralización dos que se atopan en fase de negociación (TTIP, TISA).

Denunciamos especialmente aqueles tratados que conteñan o mecanismo ISDS, de resolución de diferenzas entre os Estados e as empresas. Este mecanismo dá primacía aos intereses das empresas sobre as lexislacións estatais polo que constitúe un atentado contra a democracia poñendo sempre os beneficios das multinacionais por diante dos dereitos das persoas, dos pobos e do planeta.

2. EMPREGO. UNHA RESPONSABILIDADE DO PODER PÚBLICO.

A pesar do aumento do emprego nalgúns países, máis de 17 millóns de traballadoras e traballadores europeos carecen de emprego. Once anos despois do estoupido da Crise Financeira Global a taxa de desemprego é dun inaceptábel 7%; en Grecia supera o 19% e no Estado español, o 14%. Ademais, unha parte crecente dos novos contratos son precarios: temporais e/ou a tempo parcial. A duración dos novos contratos temporais é cada vez máis curta. Agrándase a categoría de traballador@s pobres, persoas con emprego, mais que fan parte da poboación en risco de pobreza ou exclusión social. Cae desde hai décadas a participación dos salarios no PIB. O desemprego e a precariedade afectan especialmente as persoas mozas e as mulleres. En síntese aumenta a taxa de explotación e dispáranse os índices de desigualdade de rendas. Ao tempo, o sistema financeiro europeo retén 3 billóns de euros de aforros que non se invisten produtivamente a pesar de que o BCE carga un -0,4% polos depósitos. A política de flexibilización cuantitativa do BCE alimenta as burbullas especulativas de activos, mais fracasa á hora de promover a creación de emprego.

Propomos a posta en marcha dun *Plan Europeo de Creación de Emprego* en actividades ecolóxica e socialmente útiles que será financiado coa emisión de bonos polo BCE, de acordo coas 4 liñas de actuación que seguen:

1º. Plan Europeo de Transición Ecolóxica.

Esta plan de debería contemplar:

Programa Europeo da Eficiencia Enerxética. En dez anos todos os edificios privados e públicos deben ser reformados para conseguir a máxima eficiencia enerxética.

Programa Europeo de Enerxía renovábeis. Aumento do investimento en enerxías renovábeis. Especial atención ás instalacións descentralizadas en empresas, vivendas unifamiliares e edificios. Conexión e xestión a cargo de empresas públicas.

Programa Europeo de Transición Agroecolóxica. Fixación de obxectivos en porcentaxes da produción total e prazos de produción de alimentos libres de agroquímicos. Planificación da transición á produción de alimentos de proximidade.

Programa Europeo de Transporte para reducir as necesidades de transporte e mobilidade. Planificación urbana para achegar os centros de traballo e os domicilios. Acurtamento das

cadeas de produción de valor. Plan para a supresión gradual do transporte privado nas cidades, alargando o transporte público. Substitución paulatina do transporte de mercadorías e pasaxeiros por estrada en favor do camiño de ferro. Plan para garantir o transporte público no medio rural.

Estes 4 programas permitirían crear emprego na industria e a construción, xestionado por empresas públicas con salarios adecuados e xornadas que respectasen os máximos legais de cada Estado, tendendo á xornada de 35 horas.

2º. Plan Europeo dos Coidados.

Para combater eficazmente a discriminación económica das mulleres é necesario desenvolver actuacións de tres tipos:

- a) Socializar unha parte do traballo doméstico e de coidados.

Plan Europeo dos Coidados. Xeneralización das escolas infantís de 0-3 anos, con rateos de 1 persoa adulta por cada 3 meniñ@s. Universalización da atención domiciliaria ás persoas dependentes. Aumento das prazas en residencias públicas para persoas dependentes, como último recurso. Universalización dos comedores escolares gratuítos. A medio prazo universalización dos comedores de empresa. Oferta suficiente e de calidade de campamentos para o alumnado nos períodos de vacacións.

A contratación será públicas polo que o PEC permitiría crear millóns de postos de traballo no sector servizos con salarios e condicións de traballo dignas.

- b) Eliminar a brecha de xénero no traballo retribuído.

Plans para igualar a taxa de actividade feminina coa masculina. Obrigatoriedade de incluír cláusulas para corrixir a discriminación nos salarios e nos postos de dirección na negociación colectiva. Política obrigatoria de cotas.

- c) Eliminar a brecha de xénero no traballo non retribuído.

Igualación dos permisos obrigatorios de paternidade e maternidade. Prolongación destes permisos e establecemento dun mínimo europeo en 6 meses. Redución da xornada máxima de traballo até 35 horas en toda Europa. Creación dunha materia de traballo doméstico na

escolaridade obrigatoria. Promoción de campañas públicas para fomentar a incorporación dos homes ao traballo doméstico e de coidados.

3º. Plan Europeo de Investigación.

A figura da traballadora e o traballador pobre chega xa a postos de traballo de alta cualificación como os do sector sanitario, a docencia, mesmo universitaria, e a investigación. Propomos un Plan Europeo de Investigación para aumentar o gasto en I+D, especialmente en sectores que nunca se deberon deixar en mans do capital privado, como a investigación médica e farmacéutica, e do capital estadounidense como a información e os datos (ver máis abaixo).

A Comisión Europea lanzará un Plan Europeo de Investigación para aumentar a porcentaxe de gasto en I+D desde o 2% ao 3% do PIB comunitario. Na actualidade as empresas privadas encárganse do 57% do gasto en investigación e o sector público (incluíndo as universidades) de menos do 32%. Aumentar o gasto público en I+D e as achegas orzamentarias ás universidades até inverter a relación e garantir unha investigación pública suficiente. O PEI terá en conta a distribución territorial do investimento para corrixir a tendencia á concentración espacial da actividade económica.

Dar prioridade ás áreas de investigación relacionadas coa transición ecolóxica da economía: enerxías renovábeis, agroecoloxía, eficiencia enerxética, transporte, mitigación da mudanza climática, adaptación ao aumento das temperaturas; e ás necesarias para pechar o atraso europeo en tecnoloxías da información e comunicación.

Directiva europeo sobre emprego na investigación e na docencia universitaria. Salario mínimo europeo da actividade investigadora e afiliación á Seguridade Social para o alumnado de doutoramento e investigador.

Programa europeo de investigación farmacéutica. O financiamento privado da investigación farmacéutica encarece o prezo dos medicamento, orienta as prioridades cara ás fórmulas que producen máis beneficios, en detrimento das liñas de investigación máis necesarias, por iso é fundamental a investigación pública na investigación dos medicamentos.

Creación dun Centro Europeo de Control de Enfermidades

Medidas para impedir conflitos de intereses e garantir a transparencia na Axencia Europea do Medicamento. E na axencia de seguridade alimentaria•

Aplicación real do Principio de Precaución nas autorizacións de substancias sensibles, pesticidas e substancias químicas.

Impulsar empresas farmacéuticas públicas para garantir o acceso universal aos medicamentos, evitando que os sistemas públicos de saúde poidan ser reféns de intereses privados. Prohibición do glifosato. Facer efectiva a prohibición dos disruptores endocrinos en cosméticos, xoguetes e envases de alimentos antes de xuño do 2020, tal e como demanda o parlamento.

4º. Plan Europeo da Información e os Datos.

As FAGAM desenvolveron un modelo de monopolios baseado na extracción dos datos dos usuarios para alimentar os seus programas de intelixencia artificial, perfeccionar os seus algoritmos e vender os perfís dos usuarios, violando o seu dereito á intimidade, a empresas privadas para se converter nas maiores empresas de publicidade do mundo. Cos extraordinarios lucros acumulados recompran as propias accións para beneficiar os accionistas e directivos. Ademais invisten noutros sectores (carro autónomo, saúde, distribución, produción e distribución de contidos audiovisuais, viaxes espaciais, etc.) e pretenden remodelar a economía e a sociedade segundo os seus intereses. Europa debe deixar de ser unha colonia dixital de Silicon Valley.

Propomos un Plan Europeo da Información e os Datos. Creación de empresas públicas: buscadores, programas informáticos básicos, hardware, nube, carro autónomo, comercio electrónico, redes sociais, intelixencia artificial, etc. Obrigación de gardar os datos xerados en Europa en servidores en territorio europeo. Encriptación das comunicacións. Estatuto Europeo de Protección do Usuario da Rede que garanta o dereito á privacidade e á intimidade. Creación dunha Oficina Europea da Cidadanía Dixital na que estean representadas organizacións da sociedade civil para garantiren a protección fronte ao Grande Irmán Dixital.

O PEID permitiría crear emprego de calidade con salarios dignos.

MEDIDAS ADICIONAIS SOBRE EMPREGO

- Adopción polo Parlamento Europeo de disposicións que esixan á Comisión e outros organismos acabar coas presións sobre os Estados membros para que reduzan salarios e desregulen as relacións laborais.
- Promulgación de lexislación europea sobre un salario mínimo intereuropeo (SII).

- Directiva Europea que limite a xornada laboral a 35 horas semanais sen redución de salario, un mínimo de 35 días de vacacións/persoa/ano, e a harmonización e racionalización dos horarios laborais e da xornada laboral.
- Derrogación da Directiva Bolkestein
- Eliminación na normativa europea de conceptos como flexiseguridade e empregabilidade.
- Reforzar dende Europa os Servizos Públicos de Emprego Nacionais (mellorando os seus fondos e capacidades)
- Ratificación polas institucións europeas do Convenio 189 da Organización Internacional do Traballo (OIT), o que equivale a integrar plenamente as persoas empregadas no traballo doméstico no Réxime Xeral da Seguridade Social como medida de igualdade de dereitos.
- Redución radical da desigualdades salariais interempresariais nos estados membros (en España chegan a diferenza do 1/100 entre traballadxr/empresarix. Redución da fenda salarial lineal. Estabelecemento dun salario máximo. Estabelecemento dun ingreso máximo do conxunto de fontes de renda.

3. POLÍTICA SOCIAL. ACABAMOS COA POBREZA E A DESIGUALDADE.

- Consideramos que o principal instrumento de loita contra a pobreza e a desigualdade é a creación de emprego en actividades social e ecoloxicamente útiles, tal como se propón na sección anterior, con salarios suficiente e condicións laborais dignas.
- Propoñemos unha renda básica universal, incondicional, individual e suficiente en Europa, porque acaba coa pobreza, deféndenos do paro e a precariedade provocada polo cambio tecnolóxico, facilita a transición ecolóxica, apoia a loita feminista e crea un novo dereito humano que aumenta a liberdade real de todo@s, cara a unha Europa das persoas e dos pobos. A renda básica universal é a mellor maneira de garantir o respecto á dignidade humana, o combate á exclusión social, a igualdade de sexos e a solidariedade entre xeracións, recollidos no Tratado da Unión Europea. Así mesmo garantizará, igualmente, a coordinación das políticas sociais, normalmente marxgadas e que tamén forma parte do Tratado.
- Para financiarla propomos unha reforma fiscal integral que converta Europa nunha área fiscal progresiva, onde realmente paguen máis os que máis teñen e que faga descansar a recadación fiscal sobre impostos directos (renda, sociedades, patrimonio, herdanzas e doazóns) e non sobre os impostos indirectos.
- Propomos a aprobación dun Plan Europeo de Loita contra a Pobreza e a Desigualdade co obxectivo de eliminar a pobreza e a exclusión social no territorio da Unión Europea. Este PELPD debe centrarse nos colectivos máis vulnerábeis, nen@s e moz@s, mulleres de familias monoparentais, maiores de 50 anos desempregad@s, maiores con pensións insuficientes.
- Defenderemos a posta en marcha dun **Programa Europeo de Bens Básicos (PEBB)** para garantir o acceso a 4 bens de primeira necesidade a toda a persoa residente na UE: Auga, Alimentos, Vivenda e Enerxía.
- Promoveremos a redacción dunha directiva europea ao redor do **dereito á vivenda** e que regule o mercado inmobiliario co obxectivo de prohibir a especulación inmobiliaria, xestionando cada país o stock de vivendas baleiras no mercado, para reducir os prezos e favorecer as condicións de alugueiro. Ademais, impulsaremos a

creación dun **Modelo de vivenda Social** a nivel europeo e a elaboración dunha directiva para a consideración da vivenda como un ben de primeira necesidade que debe quedar fóra do mercado. Neste sentido consideramos imprescindible a promulgación dunha directiva sobre a creación de parques públicos de vivenda en alugueiro con establecemento dun calendario para acadar porcentaxes de vivenda pública sobre a oferta total que garantan prezos accesíbeis.

- Fomentaremos o lanzamento dun Programa Europeo de Prestación Sociais Básicas para garantir o **dereito á saúde e á educación**, para o que será necesaria a elaboración dunha Directiva sobre o carácter prioritario dos sistemas públicos de Educación e Sanidade, e o establecemento de obxectivos obrigatorios de financiamento como porcentaxe do PIB.
- Nesta lexislatura debe acadarse o obxectivo da gratuidade do ensino universitario en todo o territorio da UE.
- Por último, proporemos a aprobación dunha directiva sobre a obrigaón dos poderes públicos de crearen, onde non existan, ou alargaren, onde xa existan, servizos públicos de cobertura de **asistencia ás persoas dependentes** nos seus fogares e a creación de praza públicas suficientes en residencias da terceira idade.

4. SOBERANÍA ALIMENTARIA. GARANTIREMOS ALIMENTOS DE PROXIMIDADE E CALIDADE. PRODUCIDOS POR LABREGAS E LABREGOS

4.1. Política Agraria Común .

A Política Agrícola Común (PAC) da Unión Europea condiciona o sistema agroalimentario e favorece producións intensivas e prácticas agrícolas, gandeiras e forestais non sostíbeis. Non obstante, a linguaxe da PAC procura tranquilizar as nosas consciencias e responder ás expectativas da cidadanía, referíndose sempre a unha PAC sostíbel (social, económica e medioambiental): “A PAC debe dirixir a transición cara unha agricultura máis sostíbel”, “A PAC debe reforzar as zonas rurais europeas”. As directivas europeas inclúen sistematicamente obxectivos medioambientais e climáticos, eco-esquemas, enerxía limpa, bioeconomía, economía circular, aldeas intelixentes, reparto xusto das axudas ... Esta retórica contradí radicalmente as políticas efectivamente aplicadas.

A actual Política Agrícola Común foi incapaz de resolver os principais problemas que teñen as explotacións europeas: obstáculos para accederen á terra, á auga, ás sementes, ao crédito e a mercados xustos; dificultades cada vez maiores para cubriren os custos de produción; e a expulsión da agricultura de millóns de pequenas e medianas explotacións. A evidencia de que o actual sistema de pagamentos directos non garante a supervivencia dos agricultores e das agricultoras no medio rural é esmagadora e, aínda así, coa actual estrutura da UE, parece imposible modificar a Política Agrícola Común. Unha política agrícola que non funciona hai que mudala, non seguir insistindo nos mesmos erros.

Propoñemos unha Política Agraria Común baseada en:

- Un modelo agroecolóxico de produción e unha política agrícola xusta, sostíbel, solidaria e de calidade ao servizo dos territorios, dos consumidores e consumidoras e da cidadanía.
- Situar os prezos no centro das políticas agrarias: se as explotacións agrícolas e gandeiras non son sostíbeis economicamente non imos conseguir un medio rural vivo cun adecuado nivel de emprego.
- A Unión Europea debe respectar o dereito dos pobos á soberanía alimentaria, evitando a desestabilización das economías agrícolas de terceiros países.

Para conseguir estes obxectivos é necesario:

- Regular os mercados agrícolas para evitar carencias ou excedentes e estabilizar os prezos agrícolas de xeito que remuneren o traballo labrego
- Dar os medios aos labregos e labregas para obteren os seus ingresos fundamentalmente da venda dos seus produtos.
- Deixar de asignar pagamentos directos sobre a base da superficie: estes deberían ter en conta os diferentes modelos agrícolas, o nivel de renda e os empregos ocupados e velaren por manter a agricultura en todos os territorios. Eliminar as axudas a actividades que poidan ter efectos nocivos sobre a saúde e o medio ambiente.
- Asignar os apoios da PAC só para as persoas que realmente exercen a actividade agraria.

En calquera caso, a partir de 2021 outra PAC vai entrar en vigor. As negociacións comezaron, mais non remataron nesta lexislatura. Están encima da mesa os tres Regulamentos que van conformar a futura Política Agrícola Común. Afírmase que as negociacións só afectan ás axudas e a como se van distribuír os cartos e que só interesan ás labregas e labregos, mais isto non é certo. A PAC afecta ao deseño do sistema agroalimentaria europeo e tamén inflúe no resto do mundo. Polo tanto, primeiro habería que falar de que política agraria e alimentaria queremos e despois falar dos fondos que se precisan para desenvolvela.

En Marea propón desvincular as axudas dos dereitos históricos e unha reforma total da estrutura de pagamentos directos:

- Axuda Básica á Renda: 8.500€ por persoa activa en todos os sectores agrícolas.
- Pagamentos por actividade. 1. Axudas complementarias por hectárea e produción. 2. Axudas para zonas de alta montaña. 3. Axudas para moz@s e nov@s agricultor@s de 7.500€.
- Axudas ás pequenas explotacións: 12.000€.
- Límites máximos por explotación: 60.000€ en zonas de alta montaña; 40.000€ en zonas de montaña con limitacións; 30.000€ no resto das zonas.

4.2. [Estratexia de Alimentación Europea.](#)

Propomos establecer unha **Estratexia de Alimentación Europea (EAE)**, desde a perspectiva da saúde pública e da sostibilidade ambiental para promover o consumo de alimentos locais, ecolóxicos e estacionais. Ademais, propomos fomentar canles de comercialización curtas, adaptar a lexislación sanitaria á realidade dos pequenos produtores e das pequenas produtoras locais de cada país, apoiar unha dieta variada e con menos alimentos procesados, e procedente do modo industrial de produción.

Introducir nos comedores públicos alimentos ecolóxicos e de proximidade

Propomos que que o Parlamento Europeo estude unha directiva de **Loita contra o desperdicio Alimentario.**

4.3. [Pesca.](#)

A política pesqueira común (PPC) continúa a discriminar Galiza e o sector pesqueiro galego. En Marea defenderá no Parlamento Europeo as seguintes propostas:

- Política pesqueira que teña en conta as particularidades da pesca artesanal e a pequena escala
- A pesca artesanal debe permanecer fóra dos TAC (Totais Admisíbeis de Capturas).
- A fixación dos TAC, do que non é pesca artesanal, ten que atender a criterios socioeconómicos, á achega á economía local e a criterios medioambientais.
- Vixilancia da aplicación da estratexia do Crecemento Azul. Prohibición de infraestruturas que modifiquen as correntes mariñas.
- Manter presión sobre as institucións europeas para que sexan postas en marcha medidas contundentes en defensa do noso sector pesqueiro protexendo a pesca artesanal e a pequena escala.
- Medidas para mellorar a situación das traballadoras do mar.
- Establecer os coeficientes reductores ao máximo nivel para todos os sectores de pesca no Réxime de Control de Pesca

- Retirada da proposta actual de modificación de regulamento de control da pesca ou compromiso específico de que vai quedar fora deste regulamento a pesca artesanal e a pequena escala
- Prohibición da instalación de granxas de cebo de peixes nos ríos

5. MEDIO AMBIENTE E ENERXÍA. AFRONTAMOS A CRISE ECOLÓXICA.

O sistema económico de extracción de recursos, transformación, consumo e emisión de residuos e substancias contaminantes produciu unha crise ecolóxica xeneralizada: extinción de especies, esgotamento de recursos, desaparición de ecosistemas, contaminación das augas superficiais e acuíferos, formación de illas de plástico, contaminación do ar, especialmente nas grandes aglomeracións urbanas, aumento da temperatura global. A crise ecolóxica pon en perigo a viabilidade da sociedade humana. En Marea considera que afrontar a crise ecolóxica é un dos principais desafíos que afrontamos como especie e promoverá todas as políticas que permitan mudar radicalmente o rumbo para construímos un sistema económico compatible cos límites físicos do planeta. En Marea considera que só un alto nivel de igualdade social e das rendas permitirá sumar a maioría social, a cidadanía, as clases traballadoras a esta gran e moi difícil transformación.

A Comisión Europea difunde que as directivas europeas garanten a protección do medio ambiente e o desenvolvemento sustentábel. Porén, estas directivas son en, moitos casos, papel mollado que os Estados incumpren co visto e prace da UE. Así acontece coa normativa sobre residuos, auga, ríos, espazos naturais, vertedoiros, etc. Ao longo dos últimos 5 anos demos innumerábeis batallas en Europa en defensa do medio natural: ENCE, residuos asfálticos en Cabanas, ampliación do Real Clube Náutico de Sanxenxo, mina de San Fins, Pino-Touro vertedoiro de SOGAMA de Lesta, macrovertedoiro de Lousame, incendios forestais, funcionamento deficiente de numerosas estacións Depuradoras de Augas Residuais, saneamento das Rías, etc. A mobilización social e a acción institucional fixo posíbel obter vitorias importantes na defensa do medio natural. Na vindeira lexislatura europea continuaremos este traballo de defensa do medio natural en colaboración co movemento ecoloxista:

- Traballaremos para que se cumpra a actual normativa Europea sobre implantación de megaproectos mineiros, acuícolas, urbanísticos e enerxéticos; e promoveremos a súa modificación para establecer criterios ambientais máis restritivos.
- Esixiremos o cumprimento do Acordo do Clima de París, para reducir as emisións e combater a mudanza climática. Apoiaremos a aprobación de acordos sobre mudanza

climática máis ambiciosos, que nos se quede na superficie e con garantías de cumprimento.

- Solicitaremos a creación dun Plan de Emerxencia Continental, para deter a perda de biodiversidade con accións sobre especies invasoras, sobre os monocultivos, uso indiscriminado de fitosanitarios, perda de hábitats, incendios forestais, liñas eléctricas e permeabilización de infraestruturas terrestres, marítimas e aéreas.
- A auga é un dereito humano, por eso defenderemos unha aposta clara por un modelo xeral de carácter público europeo da AUGA. Esixiremos que os Estados membros garantan a aplicación das normativas de protección do medio hídrico vixentes tanto na UE, coma na lexislación nacional individual.
- Promoveremos un Programa para a Eliminación Progresiva do Transporte Privado nas Cidades. Promoción do transporte público e a pé, e ou en bicicleta. Promoveremos igualmente o transporte publico no medio rural

5.1. Enerxía.

A Unión Europea presentou en 2014 o chamado Marco en materia de Clima e Enerxía para o 2030. Nesta comunicación establece un marco para as políticas da UE en materia de clima e enerxía para o período 2020-2030. Nese mesmo ano, o presidente da Comisión Europea manifestou a súa vontade de reformar e reorganizar a política enerxética de Europa e anunciou a creación dunha Unión da Enerxía. No ano 2015 a Comisión presentou unha proposta global para a Unión da Enerxía.

En Marea propón:

- Ter en conta os límites do planeta á hora de definir a política enerxética, desde o modelo de desenvolvemento, produción, consumo e comercio.
- Reducir o consumo de enerxía, xa que non é suficiente só con propor obxectivos de eficiencia enerxética. Fixar un obxectivo de redución dun 20% de aquí ao 2030
- Definir unha política enerxética en base ás necesidades reais da sociedade e que poña fin á pobreza enerxética.

- Programa de instalación masiva de paneis solares para a produción de enerxía eléctrica nas cubertas e tellados. Conexión á rede destas instalacións.

6. MULLER. PARA GARANTIRMOS A IGUALDADE REAL.

O movemento mundial das mulleres, nutrido paciente e intelixentemente desde o movemento feminista, deu en 2018 e 2019 un salto cualitativo que colocou a cuestión da emancipación da muller e a igualdade real no primeiro plano político e social. En Marea está convencida de que o movemento das mulleres está chamado a se desenvolver en todos os países dos 5 continentes e asume as 4 liñas de actuación imprescindíbeis para facer real o seu soño emancipador:

1ª. A materialización da plena igualdade legal.

Este é o terreo sobre o que máis se ten avanzado. Deben eliminarse os restos de lexislación discriminatoria. Na Galiza e no Estado español as traballadoras do Servizo do fogar familiar carecen da prestación por desemprego. Son 27 mil traballadoras en Galiza e máis de 400 mil en todo o Estado as que padecen esta grave discriminación.

- En Marea propondrá como primeira medida da lexislatura que o Parlamento europeo se dirixa aos poderes do Estado español para lles esixir o recoñecemento inmediato da prestación por desemprego para estas traballadoras.

2ª. A libre decisión sobre a capacidade reprodutiva.

Fronte aos intentos reaccionarios para eliminar ou endurecer as lexislación sobre interrupción do embarazo En Marea propón:

- Que o PE aprobe unha directiva sobre o recoñecemento do dereito á libre interrupción do embarazo por medio dunha lei de prazos e a garantía deste exercicio na sanidade pública.

3ª. Libre decisión sobre a propia sexualidade. Acabar coa violencia machista.

Unimos estes dous obxectivos nunha única liña de actuación por os considerarmos intimamente unidos.

- En Marea defenderá no PE, xunto coas parlamentarias de todas as forzas políticas que promoven a igualdade das mulleres, unha directiva Europeade Loita contra a Violencia Machista e de recoñecemento da libre decisión das mulleres sobre a propia sexualidade.

4ª A igualdade económica real.

En todas as sociedades as mulleres traballan máis horas que os homes se sumamos o traballo retribuído de mercado e os traballos reprodutivo, doméstico e de coidados. Porén, as mulleres perciben menores ingresos, tanto salariais como do capital, e posúen patrimonios moi inferiores aos dos homes. Segundo o Informe sobre o Desenvolvemento Humano 2015 publicado pola axencia da ONU, PNUD, o ingreso medio masculino mundial supera nun 78% o feminino, 18.400\$ fronte a 10.300\$. Nos países de moi alto desenvolvemento humano, moitos dos europeos, a renda masculina é superior nun 69% á feminina, 52.000\$ fronte a menos de 32.000\$.

Para combater esta desigualdade propomos unha política construída sobre tres eixos: 1. Socialización de parte do traballo reprodutivo, doméstico e de coidados. 2. Igualar a taxa de actividade feminina no traballo de mercado coa masculina e activar políticas de igualdade no traballo. 3. Igualar a participación dos homes no traballo doméstico, reprodutivo e de coidados coa das mulleres. Ver apartado de Política Económica.

MEDIDAS ADICIONAIS.

- A Comisión Europea e o Parlamento Europeo deben asumir a loita contra a violencia machista como unha prioridade. Esiximos a consideración dos dereitos sexuais e reprodutivos como dereitos humanos básicos.
- Aprobación dunha Directiva Europea para rematar coa violencia machista.
- Directivas de igualdade real que se enfoquen de maneira integral, incluíndo a paridade (50/50) no poder e nos órganos de toma de decisións, facilitando o acceso ao traballo igualitario e eliminando as diferenzas salariais, potenciando o acceso á cultura, á educación en todos os niveis e áreas de coñecemento, eliminando o sexismo nos medios de comunicación e proporcionando recursos materiais para a autonomía das mulleres en todos os ámbitos

- A crise está precarizando os sectores máis vulnerables da poboación e, por suposto, as mulleres. Aprobación de medidas contra a precarización do traballo, especialmente dos máis feminizados.
- Plan europeo de socialización do traballo doméstico, reprodutivo e de coidados.
- Reforzo da negociación colectiva e lexislación dos contidos de igualdade de xénero mínimos obrigatorios.
- Atención á presenza e participación das mulleres no deporte, especialmente naqueles máis masculinizados.
- Prohibición da publicidade que utiliza as mulleres como reclamo, incluída a publicidade para atraer o turismo.

7. OS DATOS E A INFORMACIÓN. ACABARMOS COA DEPENDENCIA COLONIAL DE SILICON VALLEY.

Cinco grandes empresas estadounidenses dominan a economía da información e a comunicación. As FAGAM son monopolios mundiais en redes sociais (Facebook); venda *online*, (Amazon); procuras (Google-Alphabet); electrónica de luxo (Apple); e sistemas operativos e ofimática (Microsoft). A súa hexemonía permítelles:

- 1- Obter enormes beneficios que reparten en forma de dividendos ou que utilizan para,
- 2- Financiar investimentos en sectores como saúde, tecnoloxía espacial, produción e distribución de contidos audiovisuais, almacenamento de datos, nube, desenvolvemento do carro autónomo, e outros,
- 3- Espiar e apropiarse de todos os datos xerados por miles de millóns de usuari@s en todos os continentes, dos que 500 millóns na UE-28,
- 4- Utilizar a información e os datos acumulados para perfeccionar os seus sistemas de intelixencia artificial e os seus algoritmos.

As grandes empresas tecnolóxicas son empresas capitalistas que teñen como principais obxectivos a busca da máxima rendibilidade e a consecución dunha posición de dominio no mercado. Para o conseguiren intensifican a explotación d@s traballador@s que empregan, mediante a prolongación do tempo de traballo e a redución de salarios.

A Unión Europea renunciou a desenvolver un ecosistema propio de empresas da información e a comunicación, sendo hoxe unha colonia dixital dependente de Silicon Valley e Estados Unidos.

Propomos recuperar a soberanía da cidadanía europea sobre a información e os datos que xera. Os datos e a información deben ser un ben común, e non a materia prima da acumulación de grades capitais privados. É imprescindible pór a información e os datos ao servizo de investigacións útiles en aforro enerxético, saúde, optimización das redes de transporte, investigación sobre crise ecolóxica e mudanza climática, agroecoloxía, etc.

Para o conseguirmos consideramos imprescindible:

- 1- A creación de empresas públicas europeas en todos os sectores da economía da información e os datos.

- 2- Que os datos xerados en Europa se almacenen en servidores en territorio europeo, baixo custodia pública.
- 3- A substitución dos algoritmos opacos das grandes corporacións por algoritmos abertos, que permitan á cidadanía europea comprender como e que deciden os programas informáticos e o control democrático do falso automatismo das decisións.
- 4- A aprobación dunha lexislación que protexa o dereito á privacidade e á intimidade tanto fronte ás empresas como á espionaxe dos estados.
- 5- O encriptado das comunicacións.
- 6- O establecemento de mecanismos que faciliten o acceso d@s investigador@s aos datos que precisen, salvagardando sempre o anonimato d@s usuari@s.
- 7- A posta a disposición de cada nivel das administracións públicas dos datos que necesiten, salvagardando os dereitos enunciados nas recomendacións anteriores.

8. DEREITOS HUMANOS E POLÍTICOS. AFIRMAMOS A DIGNIDADE DOS SERES HUMANOS.

8.1. Defensa a democracia fronte á nova extrema dereita.

Xorden e medran en todo o mundo forzas políticas de extrema dereita, xenófobas e racistas, que ameazan a democracia e queren acabar coas conquistas históricas das clases traballadoras, reverter os avances conseguidos na emancipación da muller e no recoñecemento da diversidade sexual: Duterte en Filipinas, Trump en Estados Unidos, Bolsonaro en Brasil ...

En Europa, o húngaro Orban, a francesa, o italiano Salvini e o español Abascal impulsan esta onda reaccionaria.

Algúns como Salvini ou Abascal reivindicán os líderes fascistas históricos dos seus Estados, Mussolini e Franco.

En Marea denunciará no PE o racismo e a xenofobia, todas as formas de irracionalismo e as políticas de extrema dereita e pro-fascistas e colaborará con todas as organizacións políticas democráticas, sindicatos e movementos sociais, para facer fronte a esta ameaza para a civilización humana.

8.2. Recoñecemento do dereito dos pobos a decidiren.

Escocia e Cataluña fan evidente a existencia en Europa de pobos que queren exercer o dereito de autodeterminación.

Gran Bretaña negociou co Goberno escocés a convocatoria dun referendo sobre a independencia de Escocia, o que permitiu que o pobo escocés decidise libre e democraticamente sobre o seu futuro.

En acusado contraste, o Estado español négase a negociar co Goberno catalán unha solución democrática.

En Marea defenderá no PE, a liberdade dos presos políticos cataláns e a apertura de negociacións entre o Goberno español e o Goberno catalán e todas as forzas políticas con representación parlamentaria en Cataluña para a busca dunha solución democrática ás arelas do pobo catalán.

8.3. [Protección da vida das persoas emigrantes.](#)

Queremos unha Europa solidaria e aberta á inmigración. Denunciamos a Europa fortaleza que impón os seus intereses a países empobrecidos mentres rexeita as vítimas do seu espolio. Queremos unha política común de Asilo que desenvolva a Convención de Xenebra, para que Europa sexa terra de acollida para os e as que foxen de persecucións políticas, ideolóxicas, relixiosas, sexuais, con especial protección ás nenas e aos nenos. As políticas da UE mostran unha contradición entre un discurso baseado nos dereitos humanos e a realidade dunha Europa fortaleza que está blindando as súas fronteiras, utiliza man de obra barata, recorta dereitos, permite que o Mediterráneo se converta nun cemiterio e impón un modelo represivo moi pouco acorde cos principios proclamados.

Defendemos unha política de inmigración común e integradora, que inclúa un compromiso co asilo e a protección internacional, prohibindo as prácticas restritivas dos Estados membros e fomentando instrumentos comúns de solidariedade.

Medidas que propomos:

- Oposición ao aumento dos efectivos de **Frontex** (Axencia da UE para o control de fronteiras) que na proposta de orzamentos para 2021-2027 pasarían de 1.200 a 10.000 integrantes.
- O peche dos centros de Internamento de Estranxeiros dentro e fóra da UE. Derrogación da Directiva da Vergoña. Modificación da Directiva de Reagrupamento Familiar. Normas para o tratamento dos Menores Estranxeiros non Acompañados. Aprobación de medidas que impidan a desaparición de menores
- Sancionar aos Estados que violen os principios da protección internacional, como a devolución mediante a execución de expulsión masivas, a privación de dereitos básicos ou a permisividade oficial cun clima de violencia, e coa desaparición de nenos e nenas.
- Conferencia europea para estudar a xestión dos fluxos de inmigración.

9. POLÍTICA INTERNACIONAL. UNHA POLÍTICA DE COLABORACIÓN, PAZ E DESARME.

Despois da crise ecolóxica e a mudanza climática, a proliferación de armamentos é a segunda grande ameaza que pende sobre a nosa especie, sobre a civilización, sobre a humanidade. Propomos que as institucións europeas elaboren unha Declaración para unha Iniciativa Internacional de Desarme como prólogo ao deseño dun plan completo, político e diplomático, de promoción da eliminación dos arsenais biolóxicos, químicos e nucleares no camiño da redución e eliminación dos arsenais convencionais. O PE debe asumir como unha prioridade unha campaña dirixida a todos os pobos do mundo para promover o aumento da conciencia pacifista e da imprescindible colaboración das poboacións dos 5 continentes.

Opoñémonos a que se destinen 48,6 mil millóns de euros ao **Fondo de Defensa** máis 6,5 mil millóns de euros para mobilidade militar no próximo Marco Financeiro Plurianual 2021-2027. No tratado da Unión prohibese de xeito expreso financiar políticas militares con orzamentos comunitarios. Dende a aprobación da nova estratexia global da Unión Europea, o 28 de xuño de 2016, ampliáronse cunha velocidade nunca vista as estruturas militares da UE. A creación no ano 2017 da PESCO (Cooperación estruturada permanente en seguridade e defensa) implica a transferencia dunha gran parte da política militar europea aos Estados Membros que participen na PESCO. Aqueles Estados que decidan participar na PESCO deberán comprometerse a un aumento real e regular do gasto en armamentos e da dispoñibilidade de tropas de combate

En Marea denuncia a participación da UE e dos Estados que a compoñen en agresións imperialistas que violan a soberanía dos Estados agredidos e producen milleiros de mortos, a desarticulación das institucións propias e a destrución das infraestruturas básicas de auga, enerxía, comunicacións e transporte. Semella que o obxectivo real é volver os Estados non submisos á Idade Media: Iraq, Libia, Siria.

Denunciamos tamén o apoio da UE á estratexia imperialista en Venezuela e o silencio cómplice nos golpes de Estado que derrocan gobernos democraticamente elixidos, p. ex. a destitución de Dilma Rousseff en Brasil.

En Marea defende o abandono da OTAN por parte da UE por considerar esa organización unha estrutura agresiva ao servizo dos intereses imperialistas e hexemónicos.

En Marea buscará a máxima cooperación con todas as forzas políticas, sindicais e todos os movementos sociais que nos 5 continentes exploran camiños alternativos ao capitalismo e ao neoliberalismo.

En Marea denuncia o acaparamento de terras en todos os continentes, que expulsa milleiros de campesiñas e campesiños das súas propiedades para as concentrar en grandes explotacións capitalistas na que se utilizan toneladas de agroquímicos, ao tempo que se arroxa á miseria os seus lexítimos propietarios.

Fronte ás políticas imperialistas traballaremos polo reforzamento da ONU, o IPCC, e todas as instancias de diálogo internacionais. A humanidade, todos os pobos e nacións do mundo necesitamos urxentemente crear, desenvolver e fortalecer organismos de colaboración para buscar solucións comúns aos graves perigos que nos ameazan: pobreza e desigualdade, intensificación da explotación, concentración sen precedentes da riqueza e o capital, crise ecolóxica e mudanza climática, discriminación e violencia contra as mulleres, e carreira de armamentos.

En Marea é un proxecto político internacionalista que quere participar activamente na busca de solucións no seu espazo nacional, o galego, e nos ámbitos estatal, europeo e mundial.

10. LINGUA E CULTURA.. DEFENDERMOS A DIVERSIDADE CULTURAL EUROPEA.

Hai xa máis de 25 anos que se adoptou a Carta Europea das Linguas Rexionais, Minoritarias ou Minorizadas, aprobada polo Consello de Europa. Nin a UE, nin o Goberno do Estado nin o propio goberno galego están garantindo os dereitos que se recollen neste documento.

En Marea seguirá esixindo que se garanta o pleno recoñecemento da lingua galega no Parlamento Europeo e os dereitos lingüísticos das galegas e dos galegos.

En Marea defenderá no Parlamento Europeo a posta en práctica de políticas favorábeis ao desenvolvemento de industrias culturais das nacións sen Estado que favorezan a recuperación do uso normal das súas linguas, e no noso caso, da lingua galega.

En Marea defenderá o achegamento do galego á área natural da nosa lingua, a lusofonía.

O ano 2018 foi declarado como ano europeo do patrimonio cultural, é imprescindible que a Unión adopte unha estratexia europea de protección do patrimonio cultural, incluída a paisaxe, de a concienciar e obrigar as autoridades nos Estado Membros, para que impidan a destrución do seu patrimonio cultural, para que o protexan, e para recuperar e o poñan en valor.